

CIRCULAR INFORMATIVA



CURSO 23-24



CEIP Plurilingüe Ribadavia

Rúa do Carballiño S/N 32400 Ribadavia (Ourense)

Teléfono 988 47 02 39

ceip.ribadavia@edu.xunta.gal

A canle oficial de comunicación coas familias será a **páxina Web** do centro e a aplicación **Abalar Móbil**.



<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipribadavia/>



@ceip_plurilingue_ribadavia



CEIP Ribadavia

EQUIPO DIRECTIVO

DIRECTORA: M^a Jesús Barreiro García. (Segundo ano de nomeamento directo pola xefatura territorial de educación)

XEFA DE ESTUDOS: M^a Isabel López Veiga.


SECRETARIA: Rosa Ana Fernández Jácome.

INICIO DO CURSO

O curso escolar 2023-2024 dará comezo o día **11 de setembro** con servizo de transporte e comedor.

Hora de entrada: 09.00h

Hora de saída: 14:00h (ás 15:00h para alumnado usuario do servizo de comedor).

Hora de recreo: 11:45h a 12:15h. Dende o día 1 de setembro entra en funcionamento o regulamento en canto a estacionamento e entradas e saídas de todo tipo de vehículos quedando **TOTALMENTE PROHIBIDA**  a circulación na franxa horaria do recreo escolar.



ACCESO AO RECINTO ESCOLAR

ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL

O alumnado **NON TRANSPORTADO** entrará ao recinto escolar pola **porta peatonal anexa á entrada de vehículos**.

ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Porta de recepción para **alumnado de 1º, 2º e 3º curso** (alumnado transportado e alumnado non usuario de autobús).

Porta de recepción para **alumnado de 4º, 5º e 6º curso** (alumnado transportado e alumnado non usuario de autobús).

O profesorado de garda para transporte e portas de entrada comezará ás 08:45h.

Os **días de chuvia** o alumnado **non agardará en ringleiras** a chegada de todo o grupo e entrará directamente. Nestes casos un adulto poderá acompañar a un alumno/a especialmente nos casos de alumnado de curta idade ata a súa correspondente porta de entrada ao centro.



LEMBRÁMOSLLE ÁS FAMILIAS QUE NON ESTÁ PERMITIDO ESTACIONAR NA ZONA RESERVADA PARA ENTRADA E ESTACIONAMENTO DO TRANSPORTE ESCOLAR.

SAÍDA DO CENTRO ESCOLAR

ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL

- o Alumnado de 3 anos: 13:50h
- o Alumnado de 4 anos: 13:55h
- o Alumnado de 5 anos: 14:00h



O alumnado (que non sexa usuario de comedor) sairá acompañado polo docente correspondente ata a porta de entrada e saída da planta de infantil onde agardará un adulto. **No caso de que un alumno/a non sexa recollido no centro por un dos seus proxenitores o adulto que o/a recolla deberá coincidir coa correspondente identificación entre as persoas autorizadas no impreso de matrícula.**

ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Saída e lugar de espera para as familias: porta de paso ao patio exterior (a carón das escaleiras de entrada ao IES). Para asegurar a identificación do adulto que recolle ao alumnado a **SAÍDA** será **PROGRESIVA E ORDENADA A PARTIR DAS 13:55H.**

No caso de que un alumno/a non sexa recollido no centro por un dos seus proxenitores o adulto que o/a recolla deberá coincidir coa correspondente identificación entre as persoas autorizadas no impreso de matrícula. O alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º curso ten que ser recollido na saída por un adulto segundo a normativa vixente. Só o alumnado de 5º e 6º poderá saír só do centro se así o reflicte a autorización presentada no formulario de matrícula.



CALENDARIO ESCOLAR

(ORDE do 3 de maio de 2023)

A actividade lectiva realizarase dende o día **11 de setembro de 2023** ata o **21 de xuño de 2024**, ambos inclusive.



PERÍODO DE ADAPTACIÓN PARA O ALUMNADO DE 3 ANOS: dende o día 11 ata o día 15 de setembro.

As familias serán informadas de horarios, agrupamentos e incorporación paulatina do alumnado.

VACACIÓNS ESCOLARES: os períodos de vacacións escolares no curso ACADÉMICO 2023/24 serán os seguintes:

- **Nadal:** dende o día 22 de decembro de 2023 ata o día 7 de xaneiro de 2024, ambos inclusive.
- **Entroido:** os días 12, 13 e 14 de febreiro de 2024.
- **Semana Santa:** dende o día 25 de marzo ata o día 1 de abril de 2024, ambos inclusive.



DÍAS NON LECTIVOS:

- **Día do Ensino:** 7 de decembro de 2023.

Os centros en que as dúas festas laborais de carácter local non coincidan con días lectivos, como é o noso caso, solicitarán á Xefatura Territorial correspondente dous días non lectivos en compensación argumentando razón de tradición, costume ou conveniencia pedagóxica. Neste caso o centro ten **pendente solicitar dous días non lectivos** entre as propostas do Claustro. Unha vez que estes días sexan autorizados e aprobados pola XT **as familias serán debidamente informadas.**

GRUPOS E EQUIPO DOCENTE

EDUCACIÓN INFANTIL

3 anos A	Titora: Meiriño Sánchez, Yoana.
4 anos A	Titora: Rodríguez Vila, Yolanda.
5 anos A	Titora: García García, M ^a del Carmen.
Mestra de apoio educativo, psicomotricidade e robótica:	Davila Fuertes, Margarita.

EDUCACIÓN PRIMARIA

1º	Titora: López Feijoo, M ^a Mercedes
2º A	Titora: López Rodríguez, Raquel
2º B	Titora: Pérez Lloves, Yolanda
3º A	Titor: Feijoo Casas, Manuel.
3º B	Titora: Alonso Losada, M ^a Aurelia.
4º A	Titora: Rojo Álvarez, Rosa.
4º B	Titora: López Veiga, M ^a Isabel.
5º A	Titora: Estévez Garrido Florinda.
5º B	Titora: Reguera Saborido, M ^a del Carmen.
6º A	Titora: Iglesias González Silvia.
6º B	Titora: Álvarez Campo, M ^a Benita.

PROFESORADO ESPECIALISTA

Lingua Inglesa:	Castro Diéguez, M ^a Rosa. Barreiro García, M ^a Jesús.
Educación Física:	Nóvoa Álvarez, Tatiana. Velo Rodríguez, Pablo.
Música:	Rodríguez-Hermida Montes, Ana M ^a .
Relixión:	Gómez Míguez, Antonio.
Orientadora:	Vázquez López, Patricia
Audición e Linguaxe:	Rodríguez Pérez, Manuela. Neira Gómez , Ana.
Pedagogía Terapéutica:	Bello Barroso, M ^a José. Fernández Jácome, Rosa Ana.

COORDINACIÓNS

Coordinadora equipo de actividades complementarias e extraescolares	Alonso Losada, M ^a Aurelia.
Coordinadora de biblioteca	Rodríguez-Hermida Montes, Ana M ^a .
Coordinadora do equipo de dinamización da lingua galega	Rodríguez Vila, Yolanda.
Coordinadora do equipo TICS	Nóvoa Álvarez, Tatiana.
Coordinadora equipo de convivencia	Vázquez López, Patricia

Coordinadora de bienestar emocional e convivencia no centro: Fernández Jácome, Rosa Ana.

(Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia. DOG 31 de agosto de 2023.

MANTERANSE OS GRUPOS DE ALUMNADO A E B. O alumnado de nova incorporación ao centro será puntualmente informado do seu grupo segundo lle corresponda, A ou B, co obxectivo de facilitar a súa incorporación o primeiro día.

HORARIO DE TITORÍA COAS FAMILIAS

LUNS DE 15:00H A 16:00H (preferiblemente con cita previa).



Co obxectivo de facilitar a conciliación da vida laboral e familiar cada titor/a atenderá aqueles casos nos que sexa preciso acordar **a titoría en horario de mañá por motivos xustificadas.**



O/as títore/as convocarán ás familias a unha **REUNIÓN PRESENCIAL** ao comezo do curso na que se lles ofrecerá

información puntual de cada grupo.



A canle oficial de comunicación coas familias será a **páxina Web** do centro e a aplicación **Abalar Móbil**. Para avisos entre titor/a e familias poderán empregarse aquelas ferramentas que se acorden nas correspondentes reunión de aula e se consideren efectivas.



IMPORTANTE: os avisos relativos a algún cambio puntual en canto a uso ou non do servizo de comedor por causa xustificada, uso ou non puntual do servizo de transporte por causa xustificada, recollida do alumnado por un adulto non autorizado previamente... **que se comuniquen na mesma mañá DEBERÁN FACERSE DIRECTAMENTE**

CHAMANDO AO CENTRO que pasará aviso inmediato ao docente correspondente co obxectivo de garantir que a información sexa coñecida polo titor/a. Se estes cambios puntuais son previstos e se coñecen de antemán poderán comunicalos nos días previos ao titor/a pola canle acordada.

SERVIZO DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA

Orientadora do centro: Vázquez López, Patricia.

Horario de atención ás familias do servizo de orientación:

DE LUNS A VENRES DE 09:00H A 10:00H (preferiblemente con cita previa).



Co obxectivo de facilitar a conciliación da vida laboral e familiar o servizo de orientación atenderá aqueles casos nos que sexa preciso acordar **a entrevista en horario diferente ao establecido ou ben por vía telefónica por motivos xustificadas.**

PROTOCOLO DE ENTRADA OU SAÍDA DO CENTRO DUN/HA ALUMNO/A DURANTE O PERÍODO LECTIVO

No caso de que un/ha alumno/a teña que incorporarse ao centro unha vez comezara a xornada lectiva ou no caso de que precise abandonar o centro antes do remate da mesma o adulto que o/a acompañe, se non é un dos seus proxenitores, deberá **IDENTIFICARSE COMO PERSOA AUTORIZADA E REXISTRADA NO FORMULARIO DE MATRÍCULA**. Dirixirse a conserxería para cubrir o correspondente formulario onde se xustifique o motivo polo que se incorpora unha vez comezada a xornada ou polo que se ausenta antes do remate da mesma.

No caso de que un/ha alumno/a non asista ao centro a familia deberá informar directamente ao titor/a pola canle que se acorde empregar na reunión de comezo de curso ou ben chamando por teléfono ao centro.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

TRANSPORTE ESCOLAR. O alumnado transportado será atendido á chegada e saída do centro por profesorado de garda.



COMEDOR ESCOLAR. O servizo de comedor comezará o día 11 de setembro. Neste momento están xa cubertas as 162 prazas asignadas a este centro.

O alumnado usuario de comedor (que non utilice servizo de transporte escolar) será recollido ás **15.00h** na **porta de acceso ao patio** (frente ao Centro de Saúde). Os **DÍAS DE CHUVIA** recollerase ao alumnado na **PORTA PRINCIPAL** de acceso ao edificio.

REUNIÓN COMEDOR:

LUNS 11 SETEMBRO

16:00 H

REUNIÓN INFORMATIVA sobre os protocolos de funcionamento do mesmo no propio **comedor ás 16:00h**. Aquelas familias que por motivos laborais ou de conciliación non poidan asistir a esta reunión poderán poñerse en contacto co centro educativo para ser puntualmente informados no momento acordado ou polo medio acordado.

RESPONSABLE DO SERVIZO DE COMEDOR: Álvarez Campo, M^a Benita.

Atópase aberto o prazo de admisión de solicitudes para actuar como colaboradores voluntarios membros da comunidade educativa nas tarefas de atención e apoio ao alumnado usuario de comedor escolar durante o curso 2023/2024. As persoas interesadas poderán achegarse ao centro educativo para recibir máis información sobre esta colaboración e/ou para a realización dos correspondentes trámites.

PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN



O centro conta cunha serie de protocolos de actuación en caso de golpe/lesión dun/ha alumna, indisposición, comunicación e xustificación das faltas de asistencia... que serán presentados ás familias na reunión de comezo de curso que estableza cada titor/a.

**PARA CALQUERA DÚBIDA OU ACLARACIÓN
PREGÁMOSLLE ÁS FAMILIAS SE POÑAN EN CONTACTO
DIRECTAMENTE CO CENTRO.**

BENVID@S AO CURSO 2023-2024.